

AUTOCRITICA E AUTODETERMINACION

Para calquer movemento político ou patriótico, o exercicio da autocritica é tan vital e necesario como o dos mesmos ideaes que o sustentan. Pol-a autocritica pode librarse da pesada inercia da rutina e o conformismo, as dúas podencias capaces de desvirtualo e até esmorecelo. Por desgracia a autocritica estivo sempre desterrada elqui no noso e esas ditas podencias teñeno trabado no seu desenvolto. Nós debemos tencionar instaurala para devolvarlle ao galeguismo o vigor e autenticidade que dabon- do precisa.

¿Esta rutina i-este conformismo, coa súa remanencia de lagoas ideolóxicas, de tópicos negativos, de unha lingoaxe oca, agobiante de cursilería para unha cabal concencia galega, configuran os síntomas dunha crise do galeguismo? Os "snobs" de crises, que tamén hai na nosa coledividade, asin o veñen anunciando. N-embargantes é mester aclarar o interrogante formulado. Pois, ¿qué o que se acha en crise, os ideaes galeguistas en sí ou un xeito de galeguismo, e neste caso unha modalidade de condución política?

Virtualmente refugamos o primeiro termo por razóns poderosas. Unha madurez política e patriótica coroa as nosas vidas, e a vontade de ser e o anxeo de viver os nosos ideaes arrexan en nós de xeito incontibel. Dahi a arelanza de que o movemento a prol da autodeterminación de Galiza acaden a acción e na loita o plano maduro do seu pensamento político. Certamente, a deficiencia reside na modalidade de condución política e patriótica adoptada por certos dirixentes. E' dicer, neses superados cadros dirixentes parentes de forza aglutinadora, insuficientes de orientación con senso nacional, impoentes para impedir que o galeguismo sexa arrastrado ao raseiro das nosas entidades —algunhas verdadeiras pezas de museu— minúsculas e chocantemente apolíticas, até diríamos, apatrióticas o que é moito máis grave.

E' mester enxuiciar a ese "galeguismo" que amolece sin pena nin gloria, cando máis debía arrexar. Esmorecente nun círculo vicioso de rutina e conformismo, cheo de lagoas paralizantes e tópicos negativos. Un "galeguismo" en permanente idilio coa Terra, ben refrexado nos periódicos da nosa coledividade rexidos por persoaxes inbuidos desas ideaes, de dudoso gosto patriótico e insufribel cursilería. Abondoso de hiperbolismo adxetival: "a Terra sagra". Esta cecais sexa unha verdade de caraiter sentimentaloido. Nós sabemos que non hai terras sagras. E' aínda menos a nosa, secularmente escarnecida, desditada e dorida por asoballada, emprobecida e reducida á mínima espresión.

E' mester enxuiciar a un "galeguismo" que se desinfla en vans tarefas, como as de centrar a súa acción na imposible tarefa de querer resolver os problemas sociais i-económicos que esgazan ao noso país sin liberdade. A mostra da permanente lagoa ideolóxica en que vive ese "galeguismo" refreixase no 1º Congreso da Emigración. Ahí fica recollido nun libro de fraca repercusión, no cal, quen se atreva a lelo, atopará o certificado da defunción política de Galiza decretada dende a nosa Terra por un "galeguismo" epigono, mutilado. Velaí a patente treición cometida ao pensamento íntimo do gran mestre Castelao, que en longa carta memorabel apuntaba a necesidade dun congreso político de entidades galegas d-América. Asin perdemos, sin decatarnos, a ocasión propicia para concertar, nun vasto plano patriótico continental, a loita sincronizada a prol da autodeterminación da nosa patria. ¿Haberá que repetir até a fartura, que dende a condición de povo asoballado endexamais resolveremos ningún dos problemas que temos prantexados, algúns con séculos d-eisistencia?

E' mester enxuiciar a ese "galeguismo" que se esvae e perde no tópicu da cultura, lonxe de Galiza no tempo e no espacio. Nunca compartimos a eufórica posición de certos teorizadores da nosa cultura. Falamos da cultura que atañe ao ser do home, non a encasillada en mediocres enxendros literarios. Si como di Max Scheler, a cultura se define en esencia, ¿qué podemos esencia dun povo que non protagoniza o seu propio viver, que decote falsea, mistifica a súa mesma vida? Si, a cultura é patrimonio escrusivo dos povos ceibes. Sempre nos costou crer cun povo asoballado poidera elaborar a súa propia cultura diferenciada, de autenticidades emocional e psicolóxica. Poñamos por caso, abondaría que a Galiza ceibe realizara a reforma cooperativista do seu agro para que o eisarcabado individualismo do home galego, se trocara nun senso de solidariedade social. Neste aspecto, teríamos a conformación emocional e psicolóxica dun home novo. Aconsellamos, pois, aos teorizadores da nosa cultura, conscentes da personalidade diferencial do seu país, o sacrificio en certo modo —lombremos o exemplo de Castelao— das súas vocacións íntimas e poñan a súa intelixencia ó servicio da liberdade de Galiza. Porque é no ámbito da liberdade onde porá frolecer a nosa cultura verdadeira, transcendente.

E' mester enxuiciar a ese "galeguismo" de feble orientación doctrinaria. Sin valentía para tencionar siquera o clima axeitado á idea da grande entidade patriótica, tan agardada e necesaria nunha coledividade parcelada como na primeira hora inconsciente. En troques capaz de contemporizar co tópicu insólito —no cal aniña o vello prexucio hespañol— de non permitir a política galeguista, ceais por considerala dissociadora —¿dissociadora de qué?— dentro das nosas entidades minúsculas e inertes. Indíña esa posición absurda de certos "galeguistas" encumiados. Pero máis indíña que non haxa a réplica conseguinte, para que ese tópicu esterilizante non cobre corpo de axioma na nosa coledividade. Evidentemente, este galeguismo "sui xénere", de etapa totalmente superada, máis que acharse en crise, resulta un anacronismo. Acabar con ele será unha tarefa outamente patriótica.

No meio deste amolecimento e confusión ideolóxica coleditiva, onde ten naufragado o senso valorativo de principios e homes, é mester voltar ao principio básico, á fonte primixenia do movemento galeguista; á realidade absorbente, concreta e por certo dramática, da nosa patria asoballada.

Para abranguer na súa dobre dimensión o problema que temos diante, é necesario adprender ben unha lección histórica coñecida. Moi ben nol-a lembra o señor Araquistain a quen lea a reseña d-aquel intento loabel e fracasado de creación dun comité ou consello a prol da unión dos países ibéricos, anos atrás en Londres. Dixo Araquistain fronte aos representantes de Vasconia e de Cataluña: o Dereito Natural non existe na historia. Solo mediante unha loita triunfante poden os países considerados sometidos conquistar a súa liberdade, tal o caso de Portugal: Porque ningún Estado cede sin violencia partes do seu territorio.

Fronte a este reto, díxose que Galiza é a patria dos galegos. Tardou séculos en decirse conscentemente. Si denantes se dixo, foi nun ímpetu emocional ou do inconsciente. Esta verdade elemental, témera por comprometedor, atormentanos a ialma e ponnos na condición dointe de orfos mundo adiante. Quenes a

A NOSA TERRA

ANO XLV

Buenos Aires, Xullo de 1963

Nº 505

A Verdade no Plan de División de Galiza

Si o decorrer do proceso histórico non fora dabondo ilustrativo para demostrar a inutilidade de reprimir por meio da violencia o natural ciclo evolutivo das ideaes encol da emancipación dos povos, abondaría para o confirmar e decrarado intento da dictadura franquista de dividir a Galiza en dous seitores económicos sometendo as provincias de Ourense e Lugo a reitoría de Valladolid, de xeito que practicamente quedaran engadidas a antigo reino de Leon.

Non é nova nin moito menos a teima do cesarismo mesetano de procurar o desarrigo e asimilación dos particularismos que configuran a personalidade do país galego. Dende as épocas en que o "tanto monta" lles foi impoito os povos peninsulares,

Galiza, sofreu toda clas de agresións nos seus intreses moraes e materiaes, todol-os xeitos de presión foron ensaiados en procura de lograr a definitiva asimilación da nosa Patria. Dende a supresión do voto en cortes e o sometemento relixioso os dictados de Toledo e Valladolid até a imposición do ensino do idioma castelán nas escolas, universidades e demais centros de cultura. Dendo o esnaquizamento en catro absurdas provincias rexidas dende Madrid até o engadido a Oviedo, León e Zamora de grandes anacos do noso territorio. Violencia, destrucción e morte non abondaron nin abondarán para destruír a personalidade nacional de Galiza. Mais o centralismo, que se non resina o seu secular e histórico fraca-

so tenciono agora pór en práctica un novo procedimento, procurando a subordinación económica de media Galiza a un chamado "polo de desenvolto" con capital en Valladolid, co pretexto de conquistar un axeitado arrequentamento das posibilidades económicas das provincias que tería de abranguer: as cinco de León e as de Ourense e Lugo.

Que tan absurdo intento non é máis que un pretexto demostrativo da impoencia centralista de asimilar a Galiza valéndose da presión de factores económicos pode doadamente probarse pol-o feito de que o franquismo non iñora que o noso país, para que poida acadar un axeitado desenvolto ten de ser considerado como unha unidade económica; tal realidade fica reiteradamente recoñecida pol-o mesmo "caudillo" e outras autoridades do réxime, como se demostra pol-o baraxar de algúns proietos: o "Plan Galicia", o eisperimento da concentración parcelaria e outros. Mais si o eisposto non abondara para abalar a nosa afirmación velahí o informe que encol a orientación que compre dar a economía hespañola fora feito a solicitude do goberno hespañol por unha misión do Banco Mundial, informe publicado logo dunha xuntanza celebrada no Pazo de Meirás polo Consello Nacional Económico o día 9 de agosto do ano pasado.

¿Por qué razón os puocos meses de se coñecer o devandito informe se lle pide a "Sereté" de Paris un novo estudo sobor do mellor xeito de procurar o desenvolto da economía peninsular?

Porque o informe do Banco Mundial, afinándose na lóxica que impón a teima económica, aconsella crear os centros industriales onde se dispoña de enerxía, materias primas, transportes, etc., e contén ademais co "interlan" que é mester pra ausorber os produtos elaborados. Mais esta opinión que califica de parasitarios e antieconómicos os núcleos industriales que non se axeiten a tales condicións, como o Plan Badaxoz, etc., está en aberta oposición a "ortodoxia" que nista materia impoñ o centralismo os liñamentos da economía hespañola, que puxa por establecer os centros de desenvolto na meseta castelán i extremeña, co ouxeto de crear un centralismo económico, remanencia do centralismo político. Istes e non outros son os verdadeiros fundamentos que se ocultan no intento de dividir a Galiza namentras se desbotan os consellos recomendados pol-o Banco Mundial, tencionase pór en práctica a escola económica seguida por Monsieur François Perroux o frente da "Sereté" de Paris, creadora dun polo de desenvolto na Bretaña francesa, a rexión menos sometida ó centralismo galo, cuio ouxeto eminentemente político vai en procura de rematar coa rebeldía bretona. De xeito pois que coincidentes con tales ouxetivos as autoridades falanxistas no tocante a coutar todo intento descentralizador do País galego, intentan decapitalo para mellor cumprir os seus reacionarios e bárbaros desíños.

O ESTATUTO

No calendario político de Galiza, o 28 de xuño de 1936 marca o aito coleditivo máis trascendente da vida do povo galego. Naquel unánime SI depositado nas furnas, que consagraba a súa vontade autonómica, culminaba o longo proceso político iniciado en 1883, cando o Estado Central ceifa as derradeiras libertades administrativas de Galiza. O Estatuto conqueriase dentro do marco constitucional e xurídico do réxime republicán. Mais, escamoteado e demorado malevolamente pol-o goberno central, o Estatuto ficou frustrado para sempre coa tráxica enxurrada feixista-falanxista, que sementou de mártires a nosa Terra. Galiza indefensa, axiña caíu nas poutas feixistas, e a sorte da República fadalmente ficou tamén sellada. Mais ésta é historia para lembrar con proveito. Eiquí o que importa e xuzgar ao frustrado Estatuto en función de porvir.

¿Era aquel Estatuto, do que tanto se falla aínda o ideal de Galiza? Non cabe dúbida, que, entrar en vigor, constituiría un antecedente valioso, un paso decisivo a prol da liberdade do noso país, avalado pol-a vontade unánime do povo, pero de ningún xeito, podía considerarse o ideal de Galiza.

Xa dezaseis anos antes o pensamento político de Galiza, teoricamente, habia acadado madurés total. O sentimento da Terra tiña raíces máis fondas. Facendo abstracción do moito que se dixera denantes da República, Castelao, o home símbolo da nosa Terra, eispre-saba que "a única patria dos galegos era Galiza". E' Bóveda, a mente política máis nida do país, afirmaba nun hábile lingoaxe: "Galiza ten mester da autonomía para resolver os seus problemas económico social e cultural. Pero si no exercicio da mesma o Estado Central pon linde a estas aspiracións, tere-mos que ir a separación".

E' doado ouservar ao traverso de estas espresións, que Galiza era unha soberanía absoluta, o fin supremo na mente e no corazón dos galeguistas. Evidentemente, o Estatuto era unha transacción momentánea co Estado Central. Ben intuía Bóveda que a autonomía resultaria insuficiente para resolver os graves e magnos problemas que flaxelan e destrozan a Galiza. En verdade, por moi amplias e decisivas que sexan as atribucións que se nos concedan, a liberdade d-aición delas derivadas, dependen sempre da xerarquía superior da cal proceden. ¿Cómo acadar a radical reestructuración necesaria ao agro galego, a creación dunha economía industrial, coa soma omipotente do poder superior ás costas? ¿Qué bilingüismo é capaz de resolver o problema cultural dun povo?

Das verbas de Bóveda, profundo home de realidades e agudo economista, despréndese nidiamente que a autodeterminación é a condición axeitada para que Galiza poida resolver os seus problemas. Con elas acababa, ademais, co tópicu dos irresolutos: a imposibilidade de que o noso país poida viver sin a tutela do Estado hespañol; ese Estado que nos deixa ao marxe das roitas do progreso, emprobecidos e condeados a emigrar a cotío. Pero os irresolutos e os conformistas endexamais fixeron a historia. Co tempo, o povo galego, de pervivencia secular aínda na inconscencia coleditiva, ouzará as voces dos seus loitadores, mártires e profetas, as verdadeiras concencias do seu destiño. Entón xa non pedirá a concesión d-estatutos autonómicos. Loitará pol-a súa liberdade até conquerila, sin que por elo fique mancada a irmandade e amizade auténticas dos povos ibéricos, soio posibles afinadas no respecto mútuo e nos dereitos iguales de todos eles.

sinten co corazón e o pensamento, saben que a patria non se elixe, tense. Pero si se dixo que Galiza é a patria dos galegos, é porque Galiza aínda non é unha patria. Veli o fondo desta verdade, a vegadas enxerguida a meias. Velaí a misión histórica do galeguismo: conquerila. Velaí o primeirísimo deber de toda entidade e home galego.

O demais son verbas, verbas, verbas.

NA EVOCACION DE ROSALIA CELEBROUSE O DIA DE GALIZA

DIA DAS LETRAS GALEGAS

Por iniciativa do grupo de intelectuais galegos reunidos arredor de prestixiosa Editorial Galaxia, ven de instituírse o Día das Letras Galegas, co gallo de celebrar o centenario da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía, o 17 de maio de 1863.

Adheríndose a este celebración, Irmandade Galega de Bos Aires, por iniciativa do irmán Antón Represas e coa súa especial colaboración, editou unha tarxeta de

homaxe a Rosalía do dibujo orixinal de Laxeiro e a dedicatoria que se reproducen a continuación, a que se esta mandando a Editorial Galaxia, as colectividades galegas espalladas pol-o mundo e a distintas personalidades galegas. Todos os que desexan sumar o seu homaxe a este celebración tan sinificativo no rexurdimento do noso país, enviando tarxetas destas as persoas do seu coñecemento, poden solicitarlas na Segredaría da Irmandade ou na Editorial Follas Novas.

Falar de Rosalía, é como falar dun ser querido, a quen aman todol-os galegos. Os fios espirituales entre Rosalía e o seu pobo, entre Rosalía e Galiza, como dixo Ramón Piñeiro, trascenden do plan estético e aínda do plan poético. A forza de adhesión conque ela entregouse ao seu pobo, correspóndese coa forza de adhesión que Galiza sinte por Rosalía.

Rosalía canta a súa dór, que é a dór da Patria Galega, que é a dór de seu pobo, sempre esquecido. Auténtica precursora do noso renacer nacional, cantou contra o asoballamento, a prol duha arela de liberdade. Por iso a voz de Rosalía é a propia voz da Terra Galega: E' a Terra cantando.

Galega integral e universal pol-o esprito. Endemais o é, dun xeito total, pol-a dór. A obra poética de Rosalía é no fondo, un berro de dór; máis isa dór foi sempre alimentada pol-a esperanza. A esperanza dunha Galiza ceibe e ventureira.

Dende a lonxanía, agroman adiante de nós, dúas Rosalías: unha Rosalía ollada, sentida, dende Galiza, dentro de Galiza, e outra Rosalía, ollada, sentida dende fora de Galiza, dentro do cerne emigratorio. Dende a outra estribela do mar —qué soia fica a Terra— como isolada abala Rosalía no tempo da súa existencia.

Soia a Terra, soia Rosalía, contra todos os que a aldraxan. Concepción Arenal visteuse de home, a Pardo Bazán non chegou a elo, mais dixerónse na súa loubanza, verbas acesas de entusiasmo pol-a forza do seu pensamento tan varonil. Pero nin a Pardo Bazán nin Concepción Arenal, adicaron a defensa da súa Terra tan human vitalidade como a que latexa nalgúns poemas de "Cantares Gallegos" de Rosalía. Ela, tan coitadiña, como a ollaron e siguen aínda ollándola algúns despistados comentaristas literarios, deixou na historia poética de Galiza, as máis bariles frases de condenación para os inimigos da súa Terra, e todo cantado dentro da máis lírica melodía.

A voz de Rosalía, e endemais, a voz inmorente da Saudade, que estamos chamando aos que vivimos na ausencia. E' a voz da Terra Nai, que sentimos día a día, rubir amodiño, dende o fondal do noso corazón. Porque para Rosalía todo ten voz: campo, aldeas, ermidas, regatos. E' a súa propia voz da Saudade, a que nos prega a cada intre, co o seu repiqueteo de vellas campás: volvede — volvede — volvede.

Aoz de Rosalía, a oz da Saudade, síguenos chamando. Ella sepre nos agarda para darnos a doce aperta da nai que ten aos seus fillos tan lonxe, pero tan perto do seu corazón.

Vaga sin guía, con tremor franciscán, acaron do irmán toxo, do irmán fiuncho, do irmán paxaro, do irmán piñeiro. E' a saudade vaga sin ter a quen a guíe, dende que Rosalía marchou pol-os ronseles azues do alén.

E a nosa Saudade de imigrados foi comprendida, amada, sufrida por ela.

Rosalía Castro, que para sempre agromará no corazón amargurado e agradecido dos galegos espallados por todol-os camiños do mundo.

EMILIO PITA

XXVIII

Que Castilla e castellanos,
Todos nun montón a eito,
Non valen o que unha herbiña
D'estes nosos campos frescos.

X X X

Que o mar deixoute olvidada
E lonxe de ti correron
As brandas auguas que traen
De prantas cen semilleiros.

X X X

Nin arbres que che dan sombra,
Nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
Deserto e sempre deserto...

X X X

Esto che tocou, coitada,
Por herencia no universo,
¡Miserable fanfarrona!...
Triste herencia foi por certo.

Laxeiro
1963



No centenario de Cantares Gallegos, a nación galega rende homaxe a Rosalía, a muller esgrevia que como poeta asinala o rexurdimento definitivo do noso idioma, nunha integral identificación co su pobo, e como precursora do noso renacemento nacional soupo erguer a bandeira da santa rebelión contra a opreixón e o aldraxe, trocando as ancestrales arelas de liberdade do povo galego nun nidio sentimento de Patria.

IRMANDADE GALEGA

A GAITA GALEGA

Galicia, ti non tés patria,
Ti vives no mundo soya,
Y á prole fecunda tua
S'espalla en errantes hordas,
Mentras trist'e solitaria
Tendida na verde alfombra
O mar esperanza pides,
De Dios a esperanza imploras,
Por eso aunq'en son de festa
Alegre á gaitiña s'oya,
Eu podó decirche
Non canta, que chora.

XXXV

Canta que te canta, mentras,
Os corazóns tristes, choran.
Esto é aínda mais, eu quixera
Decir con lengua graciosa;
Mais donde a gracia me falta
O sentimento me sobra.
Aunq'este tampouco basta
Para expricar certas cousas.
Qu'a veces por fora ún canta,
Mentras que por dentro ún chora.
Non me expriquei cal quixera
Pois son de expricanza pouca;
Si gracia en cantar non teño,
O amor da patria m'afoga.

Rosalía de Castro

O CONSELLO DE GALIZA CELEBROU O CENTENARIO DOS XOGOS FRORAES

No casal do Centro Galego, paralelamente co aito que en homenaxe a Rosalía de Castro se celebra todosos anos nas xornadas galegas, levouse a cabo o día 27 de Xulio, o descubrimiento dunha placa en lembranza do centenario dos xogos froraes galegos, ofrecida polo "Consello de Galiza".


Pra se referir o significado daquela histórica data e a gravitación que tivo no despertar da conciencia do noso País, o Conselleiro Dr. Alberto Vilanova, pronunciou unha brillante alocución patriótica que foi entusiastamente celebrada pola numerosa e calificada concurrencia, reseñou o orador con verba clara e precisa que demostraba un doado coñecemento do tema, como se foi xestando a organización dos xogos

froraes do 1861, destacando o xeneroso señalou mecenazgo daquel gran patriota que foi López Cortón, cuxa modestia señalou como un exemplo que debe ser imitado. Fixo unha reseña dos acontecementos literarios que se foron sucedendo en Galiza logo do certamen que se estaba lembrando, e o se referir á personalidade de Rosalía, púso de releu a proveitosa influencia que na súa obra tivo o consello do seu home dor Manuel Murguía. Con voce acesa de patriótica emoción, calificou con dureza o s turistas ó uso que nos veníen falando dunha Galiza recuperada, cando a tristeira realidade amosra que a nosa Terra sigue sendo unha fábrica de emigrantes que fornece de brazos ás cidades dos países progresistas de toda

Europa, moito mais afortunados que o noso, e rematou o seu discurso —polo que recibeu numerosas felicitacións— facendo votos por unha Galiza libre, farturenta e xusta.

Aseguido, usou da verba o Dr. Quintela Novoa, quen fixo unha eixaltación da personalidade de Rosalía pondo de releu os moitos valimentos de que sempre se advoiu a muller galega; destacando a obra humanista e literaria respectivamente de Concepción Arenal e de doña Emilia Pardo Bazán.

Por derradeiro falou o Sr. Iglesias Rivadulla, quen ofreceu o homenaxe do Centro Gelego, destacando a trascendencia do mensaxe rosalián, de quen trazou unha biografía chea de froidos conceptos.



COMO E' DE DOMINIO público, o franquismo con gallo aparente, so aparente, de apular o desenrolo económico de Galiza, ceibou o **ostrogodo** proxecto de creación do tan meneado "polo" de crecemento e atal ouxeto teima incorporar á rexión leonesa as provincias de Lugo e Ourense, coa capital, naturalmente, en Valladolid...

Como xurde dos feitos que se teiman levar a cabo contra Galiza, o que en realidade se persigue é destruír, esfrangullando a súa unidade nacional, que o franquismo centralista e meseteiro olla teimoso e carraento como un feito incontravertibel e cada vegada máis conscente, do dereito a súa autodeterminación.

Como era de esperar, e mesmo o non supuña o goberno franquista, Galiza enteira na súa prensa, reaxeu enérxicamente diante atal atopello á súa integridade territorial, afirmando que as solucións ó problema económico de Galiza, teranse de producir tendo por base a Galiza mesma, afincando ese concepto na súa peculiar intransferibel realidade xeoeconómica.

A este respecto, un coñecido xornalista da Terra, terciando no problema do "polo" de marras, comentaba en ton irónico: "...naturalmente que coa incorporación de Lugo e Ourense a León, os galegos, ademais de man de obra, porán enerxía eléctrica, ferro, etc., e Valladolid porá o seo límpido e maternal ceo de Castela, como diría Unamuno...".

— oOo —

CO GALLO DAS FESTAS do Santo Cristo de Ourense realizáronse nesa cidade uns xogos froraes, nos que o idioma galego foi **prohibido** pol-o comité orgaizador, permitiéndose só, o feito, a lingua de Castela...

Non sabemos que pensará o Santo Cristo tan reverenciado pol-os ourensáns de atal atopello a diñidade nacional de Galiza, levada a cabo no seu nome e diante das súas veneradas barbas E. abofé, que esperábase un milagre ó xeito do seu curmán en Clavizo, guindando fora do chan galego ós invasores estranxeiros que de séculos nos asoballan. Máis ren pasou. O Santo Cristo ficou no seu patético abandono agónico e, ó parecer, alleo, totalmente alleo, as mágoas dos seus feligreses ourensáns e galegos...

— oOo —

O 17 DE MAIO DERRADEIRO, co gallo de se cummplir o centenario da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía, os Centros Pontevedrés, Ourenzáns, Coruñés e Lucense, e o Centro Galego no seu carater de dono de casa, oferesceron un homaxe o noso máisimo poeta, pousando sendas oferendas floraes o pe da estatua existente no vestibulo da entidade, procedendo de igual forma a Asociación de Fillos de Galegos, Irmandade Galega e o Consello de Galiza.

O orador que falou en nome da comisión orgaizadora do aito iñorou olímpicamente a presenza e as oferendas froraes dos devanditos orgaismos patrióticos galegos adheridos.

¿Houbo distracción? Non; houbo evidente mala fé por parte do orador, que como é de dominio público integra o xuntoirino dos tres impoderables que, naturalmente, non representan a ningún, mais coidan que a coleitividade non funciona se eles non a **mangonean**...

— oOo —

NA COMISION ORGAIZADORA do agasallo que o Centro Galego, coa adhesión dos centros provinciales, lle ofreceu ó señor Xavier Vázquez Iglesias, xurdeu un pequeno problema: en que idioma tería de se redaitar o menú (?). No noso idioma, naturalmente, foi a opinión espontánea e unánime, aínda que —¿cando non?— non faltou o consabido mamalón que opinou que tiña de sere en castelán... Máis a nota pavera deuna un ilustre representante do Lucense que, moi foncho ele, como decatándose de súpeto de lle ter descuberto o **burato o mate**, propuxo que o menú do conto fora redaitado en bilingüe...

— oOo —

UNHA PINTORESCA exposición de "craneos" **profundadores** inaugurouse, i está e nmarcha no boletín de "ex-politburó", escrito nun **sentido** canto requintado castelán de Burgos, órgao de expresión dun neogaleguismo confusionista a aínda máis...

O gallo do conto é **profundar** Profundar de firme e sostido, non importa cómo, encol do **marasmo** que atravesa a nosa tan meneada coleitividade.

Conveniamos poren, que sair en letras de molde e con retratiño ó pe, non é moco de pavo... como que prós máis, os de recheo, ven sendo todo un acontecemento...

Naturalmente, como cai de caixón, nesta pintoresca galería coinciden dúas crases de espositores: os de boa fe —dalgún xeito tomos de os determinar— e os "caciques destronados" da nosa coleitividade, enfouzados na súa ridícula, por revellida, vaidade persoal. E como pra mostra abonda un botón, apriquémonos ó botón de marras, que neste caso corresponde a pelica dun deses "caciques".

Escoitemos o seu ton salmodia.

"A nosa coleitividade galega está saíndo do sopor a que a levaron certos vaidosos irresponsables que "engaiolaron" a algúns parvos pra eles poderen subir, déronse a tarefa de arremeter contra os valores da coleitividade sen saberen que con esa degradante conduta estaban procedendo como si foran os piores inimigos dos ideaes 'galeguistas'".

Como o leitor pode ollar, é esta a salmodia máis pavera e ridícula a que os pode levar unha enfermiza e incontrolada vaidade persoal mancada pol-o resentimento. Eles, os "valores" (?) da coleitividade, coidan seren algo así como os "mandamais" por dereito divino e, pol-o tanto, intocables. E quen ou quenes atal intenten serán **inimigos dos ideaes galeguistas** (i?)...

¡Ai don Aquel, don Aquel; vostede chochea, e chochea sen remedio! Deben sere os anos; i e unha pena... Certo que eses a quenes vostede se refiere tiveron a **irreverencia** de lle escacharen c **entero de luxo** con que aleivosamente teimaban **enterrar** ó Consello de Galiza...

¡Qué locimento persoal, qué pompa, qué de espiches xeremiacos diante atal entero! ¿Eh, don Aquel?... Mais, ¿que lle imos faguer? O "morto" non morreu... Unhas inxeccións a tempo e ahí o temas viviño e coleando.

LOURENZO FRAGOSO

FALSEXIDADE FALANXISTA O DESCUBERTO

Nada igual o sol para blanquear a roupa, nin nada mellor que o tempo para pór o descuberto falsas ideas e malas intencións.

Aínda que non moitas, xentes houbo e hai que se deixan engaiolar pol-as frases "patrioteiras" con que o falanxismo ven disfrazando de cote a súa acción. Un detrás de outro van caendo todos esos artificios valeiros que foron sempre as paveras e falsas manifestacións do "patrioterismo" hespanol, das que o falanxismo é unha especie de requintada esencia.

Foi así o comenzo, cangado de oropeles baratos, cando co falso lema de "unha, grande e libre" cegou a máis dun probe de espírito, incapaz de pensar por conta propia. Mais pouco durou o engado, pois pronto esas falsías viñeron a caracterizar unha acción criminal que divídeu a Hespania cecaís definitivamente, donde despois de máis de 25 anos de terminada a guerra non se ve ningunha posibilidade de convivencia; que chama "grande" a mezquindade máis ruin, a mediocridade, a falta de unha verdadeira grandeza de espírito para achar un módulo que permita a reconstrucción do país; que chama "libre" a negación dos máis elementais dereitos humanos, até a barbaridade de considerar unha folga común como un delito conta o estado e someter os folguistas a tribunais militares; que chama "cristiana" a negación dos máis elementais principios cristiáns e das encíclicas papais; que fala paveramente de "vontade de imperio" e

abandoa cazarmente o Marruecos, "grorioso campo de batalla" onde os militares hespanois demostraron a súa "patriótica" capacidade para mandar a morte tantos milleiros de mozos.

Todas, absolutamente todas as manifestacións do falanxismo foron caendo por si soias, na ridícula negación ou na traxica demostración da súa falsidade. Pero elo non foi obstáculo para que nestes derradeiros anos algunhas xentes voltaran de novo a caer nas redes das mentiras falanxistas, cando para "xustificar" o arrendo das bases militares os yankees empezaron de novo a falar da gran cruzada anticomunista, da siñificación de Hespania no renovación espritoal do mundo (?), e cantas lerias máis quixeron escoitar. Pero tamen esta vez a verdade non tardou en facerse ver, poñendo en ridículo a esas incautas que non candorosas xentes, sempre propensas a deixarse engaiolar por verbas retumbantes e valeiras.

A "grandeza" de permitir bases alleas no chan da "patria con vontade de imperio", de eisporiar a todos os povos hespanoes a destrucción masiva por intereses alleos, non encerraba ningún mensaxe de redención. Era tan soio un precio a supervivencia que o falanxismo pagaba para superar dificultades económicas e políticas. Coas bases o falanxismo pensaba arrecadar dólares que ó final irían as contas secretas abertas pol-os grandes xerarcas nos bancos suízos, e o máis importante, pensaba supe-

rar a cuarentena política a que o ten sometido toda Europa: con elo quería entrar na Orgaización do Atlántico Norte e no Mercado Común Europeo.

Pero estes auxetivos do falanxismo fracasaron e ahí fican agora descarnados os verdadeiros motivos do arrendo das bases militares. Non somos nós que o afirmamos: son eles mesmos, no diario "Ya", do 23 de xunio, queixándose da pouca axuda norteamericana, que din: "Falemos de agora en diante a lingua da solidaridade e non das axudas condicionadas. A axuda norteamericana a Hespania non soio foi inferior a facilitada a Yugoslavia, senón que permitiu os Estados Unidos colocar os seus excedentes agrícolas e o material de guerra pasado de moda... Non desexamos regatear, pero eisiximos unha plea solidariedade defensiva. A Península Ibérica é un dos ouxetivos dos foguetes soviéticos e por consecuencia a xustiza debe prever que as obrigacións da axuda militar para nosoutros non sexan inferiores as dos outros países do dispositivo occidental de defensa".

E para todo elo, por ese primario instinto de supervivencia, o falanxismo non ten reparos en claudicar novamente e de xeito ridículo dos seus delirios de grandeza, en negar os máis elementaes principios de diñidade, en eispor os povos hespanoes a unha ecatombe. Craro que para eles o povo nunca foi máis que carne de cañón. Xa o dixi crudamente un dos seus xerarcas máximos, o xerál Kindelán, cando manifestou cínicamente que no peor dos casos un bombardeo atómico "soio" mataría dous ou tres millóns de hespanois...

I eles están acostumbrados a matalos por calquer cousa...

A COLEITIVIDADE LEMBROU O PLEBISCITO

O 28 de xunio derradeiro, no casal da Federación de Sociedades Galegas celebrouse o aito que a Comisión Intersocietaria tiña programado para lembrar o 27 aniversario do Plebiscito da Autonomía de Galiza.

Deu comenzo o alto coa interpretación do Himno Galego pol-a Coral "Curros Enriquez", que tamén fixo escoltar algunhas cancións populares galegas.

DISCURSO DO Sr. ALBERTO PORTAS

Refírese ó Estatuto como ponto de partida ou ferramenta, como dixera Castelao, para que Galiza chegase a conquistar as reivindicacións políticas, sociais i económicas, as que ten dereito e que a porían o nivel dos demais países modernos.

Analiza após a loita interna contra o franquismo, a través das folgas de 1962 e as protestas de estudantes no noso país, ós perigos do "plan Valladolid" no temoso propósito de dividir a Galiza, pronunciándose pol-a organización dunha política galega de contido nacional a se desenrolar na emigración, cara a Galiza e os seus problemas e na loita contra a cruel ditadura franquista.

DISCURSO DO Dr. NÚÑEZ BUA

Señalou que o Estatuto non era a lei constitucional que precisaba a nación galega, para resolver os nosos problemas. Nós temos mester dun Estado Galego dentro do Estado Federal, en pe de igualdade con todas as nacións hespanolas, nunha grande e verdadeira irmandade.

Na República Hespanola pesaban os cinco séculos de Manuais de Historia de Hespania, cursi con Marcha de Cadiz e Las Corsarias. En troques, os galegos temos en conta a tradición respetabel, positiva e xermoladora, que ren ten de vercos nacionalistas de tradición de composanto.

Comentou o orador o feito de que a Hespania franquista que se di "unha, grande, libre e con vontade de imperio", e vai entregando anacos do seu terri-

Entregaronse Bandeiras Ao Fogar Galego

En adhesión ao aniversario da independencia do povo arxentino, fixéronse presentes en Doomselar, onde ten a súa sede o Fogar Galego, representacións de Irmandade e da Asociación de Fillos de Galegos, para pasar un día de camaradaxe cos vellos alí recollidos. Foron recibidos pol-o seu adeministrador, que logo de eisporlle a obra que leva a cabo esa entidade, levounos a coñecer as novas instalacións próximas a se rematar.

Mais logo foi servido un xantar a culo fin tivo lugar un emotivo aito, no que falaron o señor Xosé Ramón Montiel, a señora Elsa Fernández, que fixo entrega dunha bandeira arxentina ousequiada pol-os fillos de galegos; no nome da Irmandade falou o Segretario de Relaciones, que entregou unha bandeira galega, cantándose ademais os hinos arxentino e galego. Para agradecer fixéron uso de verba o Vice-Presidente do Fogar, señor Martínez Rey, e a señorita Carmen Ramudo, presidenta da Comisión de Damas.

Desexamos fondamente que todos os galegos pensen na laboua que leva a cabo o Fogar Galego para Ancianos, merecedora de colaboración de todos, para que na medida das súas posibilidades contribúan co seu aporte económico e apoio moral ao sostenemento desta obra de ben público.

DIA DOS MARTIRES

Os nosos mártires mereceron sempre o recordo agradecido de todol-os galegos residentes en Bos Aires, que de cote ve no seu sacrificio a lección luminosa que nos ensina o camiño da nosa redención nacional.

Como o ven facendo todol-os anos, dende a súa creación por Castelao, a Comisión Intersocietaria recordará esta data con un grande aito, que esta vegada terá lugar no casal do Centro Pontevedrés, Sarandí 847, desta Capital, no que falarán o Dr. Manuel Corbacho, e o Dr. Alberto Vilanova.

Invitamos a todol-os irmandiños a contribuir a meirande resoancia desde patriótico aito, sumando a súa presenza e invitando a todos os seus amigos.

VIERNES 16 DE AGOSTO - 21 HS.

AS SOCIEDADES GALEGAS DE BOS AIRES O DEBER DA HORA

Dr. RAMON REY BALTAR

Máis de trescentas sociedades galegas existen nesta capital. Casi todas elas desexan a autonomía para Galiza e a República para Hespaña. E durante a derradeira guerra civil mostraron un gran espírito combativo, formando numerosos comités de axuda ao goberno lexítimo.

Terminada a loita co trunfo dos insurreitos, gracias ao apoio descazado dos nazi-feixistas, coa criminal pasividade das democracias, salvo a do gran país mexicano, que aínda hoxe permanece fidede a súa altitude exemplar, iniciouse nas nosas entidades un movemento de cohesión para constituir os catro centros provinciais, tratando así de acabar co minifundismo social, prolongación do mal do noso agro.

Anque non se realizou na súa totalidade o ideal anxeado — moitas pequenas sociedades continúan soas, arrastrando unha vida precaria, e outras non terminan de decidirse por causas complexas, a integrar a corrente de unión — lo-grouse pol-o menos, botar a bases para chegar á máxíma aspiración

de ter unha gran "Casa de Galiza", onde atopen cabida todol-os grupos autónomos que o dexen, xunto cos que ostentan a representación das catro provincias da nosa Terra.

Non embargantes, no fondo deste movemento aboia unha nuben de discórdia, que pode ser motivo de graves consecuencias. Todos comprenden que canto máis xunguida esté a nosa coleitividade, máis poder terá para combatir os maes que aflixen a nosa Patria. Isto é indudabel. Pero ¿cómo vamos a aítuar para conquistar o noso ou-xetivo?

Elquí venen as diferencias. E' necesario, ausolutamente necesario, que nos poñamos todos de acordo para realizar unha tarefa eficaz, que non se perda en ampulosas declamacións de amor a Terra e de loitar por restablecer as súas liberdades; é mester concretar en liñas xeraes cómo se vai a facer a campaña para alcanzar tal propósito.

Hoxe é cousa manida, que corre a modo de "slogan" pol-os á-nimos da maor parte dos dirixentes

das nosas entidades, que hai que eisaltar os vaores culturais do noso povo, porque ésa é a única maneira que temos nas nosas mans, para combatir o réximen oprobioso que asoballa i-embrutece ao noso povo. E' decir que as pedradas dos falanxistas debemos contestar con xogos froaers.

Pídolle perdón aos propagandistas "a outrance" da cultura, que eu non son inimigo da nosa cultura, nin de ningunha crás de cultura; eu digo simplemente que para facer obra cultural é condición indispensable que eística clima para que ela se desenrole, i en Galiza, desgraciadamente, a cultura camíña baixo a bota militar i os bonetes dos cregos, que son os máis cerriles do mundo. ¿Qué cultura, pois, se pode levar a cabo coa aprobación deses censores implacabais

Non-os engañemos; sin descuidar todo o que signifíque a eisaltación de noso acervo espiritual, si non buscamos outra vía, nada logremos para produírlle o menor danno ao réxime que tratamos de combatir. En primeiro lugar, debemos de facer unha especie de eixamen de conciencia. Debemos de comenar pol-a revisión de todol-os nosos valores, dende a teoría até a práctica. Esto non é obra fácil, pero hai que intentala, e o máis pronto posibel. O día menos pensado vamos a atoparnos cun feito consumado e sería doo-roso que teñamos que permanecer cruzados de brazos, sendo arras-trados pol-os acontecimentos.

Eu non son o máis indicado para dicir normas, pero algún organismo haberá que con autoridade poida e sepa facelo. Ocurrése-me, para comenar, que debemos limpar de traidores as nosas entidades. Uns de boa fe, i outros infiltrados para amentar derrotismo, aítuan nunha forma que amolece o espírito báis ferme dos nosos irmáns.

Non é posibel escoitar sen protesta os cantos de sirena que nos traen os papanatas que veñen dala entoñando loas a un réxime que aseñou a milleiros de irmáns, que morreron pol-o soio delito de ser fideles a un goberno lexítimo e defender un Estatuto aprobado pol-a case unanimidade de povo galego. ¿Tan fraca é a nosa memoria que xa nos esquecemos dos nosos mártires i-estamos a darlle a man aos verdugos? ¿E' que esa sangue verídica, esa sangue xenerosa que regou o noso chan, pódese borrar como se borra a tiza dun encerado?

Hai que marcar a fogo a todo aquel que colabore co réxime que engrilla a nosa Terra e non ter a menor relación con ele, nin no terreo social nin no persoal. ¿Que esto é unha barbaridade? Moi ben; eu con esa xente síntome na idade das cavernas, e coa miña acha de pedra son capaz de romperlle o cráneo a calquera dos que levaron o loito e sementaron o odio antre os nosos irmáns.

Namentras tanto, que sigan os que pedrican cultura traballando por tan nobre causa, pero que haxa tamén quen aítue preparando o camiño da nosa renascencia con firmeza, sen contubernios, coa mirada fixa na estrela que nos guía, e que alumeará ao final a nosa victoria.

Eu son vello, síntome xa un pouco arredado das loitas que matizaron a miña vida; pero anque non poida esgrimir unha fouce, teño aínda folgos para empunñar a pruma, que está sempre a disposición da miña Patria e das liberdades humáns.

COMISION DE P R E N S A

Direitor: MANOEL PEDREIRA

BIETO CUPEIRO
MOISES DA PRESA
RICARDO FLORES
LOIS GUEDE
EMILIO PITA,
BERNALDO SOUTO

A NOSA TERRA

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

OCASO TRISTEIRO

Dende fai algúns anos as entidades representativas do movemento galeguista da Capital arxentina, veñen sendo ouxeto dunha contumace e insidiosa teima de ataques en procura de lograr, vao intento, seu descreto ou destrucción.

E mester acrarar que si tan "constructiva e patriótica" tarefa estivera a cárrego dos seculares nemigos de Galiza, os reaccionarios servidores do centralismo asoballador, xa fai moito tempo houbéramos respastado como compre en defensa do credo patriótico que temos a honrosa responsabilidade de representar; máis elo non é así, e con pena e door —logo de agardar pacientemente que o bousenso e o patriotismo se impuxeran a cega e vaidosas irresponsabilidades—, non nos obriga de sair ó paso a re e negativa teima en que se atopan empeñados un cativo feto de galeguistas "fora de uso", fosilizados nunha posición reacionaria e caciquil, que non aturan poideran haber sido superados pola natural e lóxica evolución das ideas e dos tempos.

Resulta certamente sorprendente que a vaidade cegue ós homes a ponto tal que os leva a adoutar posicións que non somentes equivalen a un suicidio político, senón que ademais son a rotunda negación dos patrióticos ideais que até fai algún tempo viñeron representando e, o máis ridículo e chocante aínda, é que a prádica empregada constitúe o autotrocisco do fracaso de dirixentes o fronte do movemento, posto que si o mesmo non acadou máis excitado desenrolo, a ninguén se pode culpar máis que os que deica agora viñeron monopolizando a súa reitoría de xeito arbitrario e caciquil.

Non é tamen a máis crara negación de sinceridade do ideario galeguista, "financiar" un panfleto que polo seu baixo contido de crítica maliciosa e negativa —da que se non salvan nin diñas e repetabais mulleres— constitúe unha vergonza i-un descreto pra toda a coleitividade, escrito pra meirande escarnio no idioma dos verdugos da nosa Patria?

Resulta penoso comprobar o tristeiro ocase duns señores que por mor da idade e a espererecia recollida na militancia societaria, deberían dar mostras de comprensión e tolerancia, e aceptar a franca e democrática discusión das distintas interpretacións ideolóxicas do galeguismo —pra o que foron reiterada e xenerosamente

invitados— en procura de escoller o vieiro máis axeitado pra o logro dos patrióticos ouxetivos da redenzón do noso país, logo de se haber negado a todo constructivo falaidoro, boten man dos dous máis desprestixiados elementos con que conta a nosa coleitividade para atacar a dirixentes galeguistas, namentras se ouserva unha sospeitosa "entente cordiale" cos máis aítivos elementos entreguistas ao servizo do falanxismo.

Resulta ridículo que sexan estes señores os que andan na procura de sementar na opinión da coleitividade a psicosis da crise do galeguismo. Eles, que estragaron en cativas intrigas de trastanda e fanados intentos o mellor intre que tivo o noso ideario pra artellar un movemento político de positiva gravitación en América i en Galiza, cal foi a década pasada logo da morte de Castelao e a conseguinte gravitación dos seus ideais nos ambientes galegos. Eles, que levaron ás entidades representativas do galeguismo a un estado de catalepsia, xa que nin de formar unha dirixitiva que respondera os seus desexos foron capaces. Eles, que xogaron o prestixio do movemento patriótico galego que debe aítuar animado de outos ouxetivos encol da grandeza e a liberdade dunha patria asoballada, que conta no seu haber con hérois e con mártires cuxa memoria se ven de cote escamecendo, i en troques embareárono en cativas aventuras electoralistas do Centro Galego, apoiando caseque sempre os máis reacionarios candidatos, e o que é máis grave aínda, leváronno a embaideirarse con persoaxes de ocasión, de certos seitores da política arxentina, comprometendo o creto i-a estabilidade das nosas institucións, que sempre souperon ser prescindentes de todo canto non se relacione cos dereitos e o bon nome de país galego.

O galeguismo de Bos Aires, fidel o espírito e o exempro de Bóveda, de Castelao, de Casal, e de moitos outros, estivo i-está aberto a recibir no seu seo a todo galego bo e xeneroso que se atope disposto a sumarse o seu patriótico quefacer, máis terá de ser desbotanda toda ridícula pretensión de manexalo. O galeguismo non é propiedade de ninguén. Frente o problema galego todos temos as mesmas obrigas e as mesmas responsabilidades. Aqueles que non as sepan cumprir serán máis tarde ou máis cedo que render contas do incumprimento do seu patriótico deber.

O Idioma Castelan no Panorama Mundial

Nós nos negamos a siñificación do castelán como idioma, nin o relevante prestixio acadado por algúns dos seus brillantes escritores. Pero tampouco caemos na eisaxeración tan propia dos casteláns de considerar o seu idioma como un factor decisivo e determinante no quefacer cultural do mundo, que eso é moito decir...

Para eles e para os galegos que gostan deixarse deslumbrar por brillos aileos que non existen, desexamos comentar hoxe as estadísticas recopiladas pol-as Nacións Xunguidas sobre as traducións de uns idiomas a outros perante o ano 1960, aparecidas no número de febreiro de 1963 de "Correo da Unesco".

Desas estadísticas xurde que en todo o ano 1960, dun total de 2290 libros escritos en idiomas occidentales que foron traducidos a idiomas asiáticos, incluído Exipto, soio oito eran casteláns. E de señalar que por debaixo de Hespaña soio figuran na estadística Bulgaria, Checoslovaquia, Dinamarca, Hungría, Polonia e Rumania, países de escasa área cultural. Deses oito libros escritos en castelán, foron traducidos ó exiclo cinco deles, e decir case que todos (¿serán libros de corte político, moi en boga no país do Nilo?), dous foron tradu-

cidos o xaponés e un máis o coreano (cecais tamén aquí ande Sigman Ree adprendendo política).

Como dato comparativo digamos que os asiáticos traduxeron 1541 libros do inglés, 302 do francés, 211 do alemán, 168 do ruso...

Tanto ou máis desolador e o panorama das traducións dos idiomas orientales ó castelán. Frente a un total de 484 libros asiáticos vertidos a idiomas occidentales, soio cinco foron traducidos en Hespaña; deles un foi xaponés, un chino, outro bengalí e os dous restantes foron árabes. Pensamos que cecaís foran biografías de Ibn Saud, o feudal rei de Arabia Saudita a que un agasallou tanto o franquismo, cecaís no intento de reconstruír a escangallada "vontade de imperio" do falanxismo, ou nun intento de aproximación os seus curmáns africanos.

O mesmo ocorre nas estadísticas de traducións do castelán a calquer idioma, pois se ben o dito número de "Correo de Unesco" non da cifras, menciona a unha grande cantidade de autores antigos, modernos e contemporáneos, nunha grande diversidade de xéneros literarios, e nin un soio escritor castelán aparece nos lugares destacados.

Guía para Turistas Despistados

Un novo 'specimen' humano está facendo a súa irrupción fachendosa e pavera no seo da coleitividade. Son esas xentes que dempois duns anos de América deciden voltar de turistas a Terra, co mesmo espírito que puderan viaxar a Mar del Plata para xogar catro patacos na ruleta, traendo como recordo algunha ficha de cinco pesos, especie de "dije" moderno para deslumbrar a amigos e coñecidos.

Cando voltan esos turistas tamén teñen mester de espallar a súa fachenda e nada mellor que sentar cátedra coa súa opinión "autorizada", falando do ben que se "vive" na Terra, coíndando que como eles comeron ben e barato para a súa bolsa, xa toda Galiza come ben e barato; iñorando, malpocados que

ollar non é ver a cousas e moito menos comprendelas. Así parecen non ser capaces de enxerguer que se a vida lles resultou barata e porque as xentes que traballan reciben salarios de fame, dos máis baixos do mundo, pois co resto de Europa xa non se poden comparar.

Da realmente noxo que eses turistas pasaron pol-a Terra sin quereirse decatar da terrible situación que vive o povo galego, según refreixan as máis recentes estadísticas oficiais. Velequí algúns datos verdadeiramente sobrecolletores, recollidos no Informe Económico do ano 1961, preparado pol-o Banco de Cruña. Na páxina 68 dese informe reproducése o seguinte cuadro estadístico sobor da "renta per capita" de distintos países e rexións de Hespaña:

PAISES	Dólares "per cápita"	Porcentaxe de poboación aítiva agrícola
Estados Unidos	1.940	15
Canadá	1.335	23
Nova Zelandia	960	22
Luxemburgo	925	21
Inglaterra	830	7
Béxica	813	13
Noruega	765	31
Dinamarca	760	24
Holanda	744	12
Finlandia	735	46
Francia	720	26
Alemania Occidental	605	14
Italia	432	34
Hespaña	250	40
Rexións hespañolas		
Cantábrica	388	23
Nordeste	351	15
Central	313	31
Alto Ebro	311	46
Medio Ebro	251	51
Levante	220	48
Duero	217	54
Canarias	192	63
Galicia	185	66
Andalucía	180	58
Sueste	171	59
Extremadura	163	72
Tailandia	80	81
Pak stán	70	76
India	60	69

Como se ve, o ingreso "per capita" en Hespaña equivae somentes a 250 dólares anuais, e decir a metade do de Italia, un tercio do que rexistran Noruega, Dinamarca, Holanda, Finlandia ou Francia, unha cuarta parte do de Luxemburgo, unha outava parte do de Estados Unidos... Estas soias cifras din ben as craras da triste situación económica que vive a Península Ibérica, que ese turistas despistados se empeñan en non ver. Pero a situación de Galiza é aínda máis tráxica, pois a súa "renta per capita" non pasa de 185 dólares anuais.

Na páxina 69 do devandito informe económico do Banco da Cruña chégase a conerusións aínda moito máis doo-ras. En efecto, os labre-

gos representan un 80 % da poboación total de Galiza e o 66,74 % da súa poboación aítiva, pero co seu traballo outefien soio un 33,8 % da renda do noso país. De todo e'lo xurde que considerando soio a distribución da renda agrícola entre os labregos, a "renta per capita" redúcese a 78 dólares anuais, é decir que os labregos galegos están en realidade por debaixo do promedio de Tailandia, e o nivel do Pakistán e da India, países onde a fame e a pauperización fan estragos apocalípticos.

Velái a tráxica realidade que ofrecemos a eses turistas despistados, para que non fagan o parvo, falando a traverso do seu bandullo.